

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 31/10/2019**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes:

-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 31/10/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 26 de setembro e 15 de outubro de 2019.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes setembro de 2019.

3. Toma de coñecemento da renuncia presentada por D. Miguel Angel Garcia Miguéns ao seu cargo de concelleiro.

4. Toma de coñecemento do informe de Intervención relativo ao cumprimento da normativa en materia de Morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 3º trimestre/2019, Concello e Fundación de Deportes

5. Manifesto 25 de novembro do Consello Local da Muller.

6. Aprobación, se procede, da solicitude de compatibilidade de Dona susana Blanco Novoa, Profesora do Conservatorio Profesional de Música.

7. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 04/REC/2019.

8. Aprobación inicial, se procede, do Expte. de Modificación de Crédito por crédito extraordinario Nº 03/CE/2019 para a aplicación parcial do superavit 2018 con destino á redución do endebedamento neto – Amortización extraordinaria.

9. Aprobación inicial, se procede, do Expte. de Modificación de Crédito por suplemento nº 01/SC/2019 para a aplicación parcial do superavit 2018 con destino a IFS 2019 “Recuperación ambiental do Paseo Marítimo Vilaxoán. Praia de Canelas” DUSI (2) Nº 02/09/2018-SOSAMB.

10. Aprobación inicial, se procede, do Expte. de Modificación de Crédito por crédito extraordinario Nº 04/CE/2019 para a aplicación parcial do superavit 2018 con destino a IFS 2019 “Subministro e Instalación de Marquesiñas” DUSI (2) Nº 01/03/2018 – MOVSO.

11. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a creación dunha comisión de estudo e seguimento do proxecto de saneamento e EDAR de Vilagarcía de Arousa.

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para demandar o compromiso orzamentario da Lei de Benestar Animal de Galicia e unha Ordenanza sectorial en Vilagarcía.

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, sobre a redución de plásticos a nivel municipal.

15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sobre o acondicionamento da Rúa Bárbara en Cornazo e da fonte que se sitúa nesa Rúa.

16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común,

para a recuperación e remunicipalización do Aparcadoiro Público de Xoán XXIII.

17. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora e homoxeneización das marquesiñas de Vilagarcía.

18. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

19. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

20. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

21. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Vecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 26 DE SETEMBRO E 15 DE OUTUBRO DE 2019.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas citadas, comezando pola correspondente á sesión plenaria de 26 de setembro de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21).

A seguir preguntase se hai algunha proposta de rectificación da acta da sesión plenaria de 15 de outubro de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2019:

Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2019:

Nº DESCRICIÓN

3 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercidos por letrados e/ou procuradores en procedemento xudicial

3 Declaración de ineficacia de comunicación previa para realización de obras

11 Aceptación comunicación previa e documentación presentada para realización de obras

1 Dación de conta de resolución de Augas de Galicia de novación da concesión dun caudal de auga

6 Concesión de licenza para obras de canalización

6 Concesión de licenza para obra maior

4 Concesión de licenza para obra menor

11 Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento

1 Reiteración de resolución orde concesión prazo para solicitude de licenza de obra
2 Reiteración de resolución orde concesión prazo para axustar obras a licenza
1 Reiteración resolución orde de presentación de informe-ditame de seguridade dos elementos exteriores de inmovible
2 Iniciación de expediente de orde de execución
2 Orde concesión prazo para solicitude de licenza municipal de obras
1 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
1 Orde concesión prazo para desmontaxe de alpendre
1 Apertura de expediente disciplinario sancionador a empregado municipal
1 Bases formación bolsa de traballo profesorado de música na especialidade de composición
2 Concesión de gratificación especial por substitución temporal de traballo de categoría superior
3 Nomeamento de funcionario/a interino/a
1 Designación encargado accidental do Servizo de Mantemento e Alumeado Público
1 Recoñecemento e aboamento en nómina servizos en domingo
1 Recoñecemento e aboamento en nómina servizos en xornada nocturna
1 Orde practica desconto en nomina ausencia non xustificada empregado municipal
1 Realización trámite de audiencia por ausencia non xustificada de empregado municipal
1 Reincorporación ao posto de traballo de empregada municipal en excedencia voluntaria
1 Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do mes de agosto
2 Autorización para celebración de bailes e verbenas populares
2 Autorización para celebración de espectáculo pirotécnico
1 Concesión de renovación de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
1 Aprobación de liñas fundamentais do orzamento consolidado do Concello para o exercicio 2020
2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
3 Aprobación de expediente de modificación de créditos de nature4za non tributaria
9 Orde de pago de facturas
5 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
1 Devolución de ingresos indebidos e compensación de débitos e crédito
1 Avocación puntual competencias Alcaldía e adxudicación contrato menor de patrocinio
7 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
2 Aprobación liquidacións emitidas pola Sección de Rendas correspondentes a cargos xerados nos meses de xullo e agosto de 2019
2 Aprobación de relación de facturas
TOTAL: 107

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL GARCÍA MIGÚENS AO CARGO DE CONCELLEIRO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito dirixido ao Alcalde e presentado no Rexistro xeral o día 22 de outubro de 2019 por D. Miguel Angel García Miguéns, no que expresa a renuncia ao cargo de Concelleiro

Neste asunto faise saber pola Secretaria que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do PP nas eleccións municipais de 26 de maio de 2019, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a D. MANUEL MÉNDEZ VARELA, que figura no posto 6 da mesma.

A Comisión queda sabedora.

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D. Miguel Angel García Miguéns e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo os trámites oportunos para o relevo do Concelleiro Renunciante, por D. MANUEL MÉNDEZ VARELA, remitindo a esta Corporación a credencial como tal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019, CONCELLO E FUNDACIÓN DE DEPORTES: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do terceiro trimestre de 2019, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.976.392,41	1.016.246,78
Investimentos reais	925.967,51	40.838,59
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		

TOTAL	2.902.359,92	1.057.085,37
-------	--------------	--------------

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	984.634,48	61.191,89
Investimentos reais	172.370,36	
Outros pagos realizados por operacións comerciais	125.171,34	137.037,45
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.282.176,18	198.229,34

Período medio de pago: 54.98 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	74.838,99	18.460,86
Investimentos reais	1.875,50	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	76.714,49	18.460,86

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	30.576,45	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	800,00	
TOTAL	31.376,45	0,00

Período medio de pago: 24,97 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- MANIFESTO 25N CONSELLO LOCAL DA MULLER: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller do seguinte teor: Un ano máis, o 25 de novembro, Vilagarcía vístese de negro. Ás mulleres séguennos matando, as nenas e nenos quedan orfos, e son a súa vez vítimas da violencia contra ás súas nais, e milleiros de mulleres sofren cada día as diferentes violencias que se exercen contra nós por mor do xénero. Saímos á rúa nun ano que está a ser especialmente cruento en España, cun mes de xullo no que foi asasinada unha media dunha muller cada dous días. Foi ademais o ano da triste efeméride da

vítima número 1000 dende o 2003, cando oficialmente se comezaron a contabilizar as asasinadas por violencia de xénero.

Queremos sinalar que o Consello Local da Muller está composto por mulleres de diversas idades e condicións que coincidimos na necesidade de que a loita contra as violencias machistas estea amparada nun consenso amplo, e que só coa implicación maioritaria de mulleres e homes acadaremos a transformación social necesaria para a eliminación das violencias que sufrimos polo mero feito de ser mulleres.

É por elo que contra as violencias machistas a equidistancia supón irresponsabilidade e complicidade. As voces que tratan de negar a existencia da violencia de xénero, o que fan é perpetuala afastándonos da solución. Os síntomas desta enfermidade están claros, o termo “violencias machistas” interrelaciona aquelas máis invisibles e normalizadas, os chamados micromachismos, con aquelas máis extremas, como son as agresións sexuais ou os asasinatos. Todas son consecuencia do sistema heteropatriarcal, do machismo, a enfermidade asentada na estrutura da nosa sociedade que debemos combater.

Por iso demandamos máis persoal formado en violencias machistas, sobre todo as fins de semanas en comisarías e xulgados. Precisamos de maneira urxente unha xustiza con perspectiva de xénero.

Por iso reclamamos que a base da educación sexa igualdade. Debemos concienciar, educar e construír unha sociedade de mulleres e homes libres, porque nunha sociedade libre, ningún home se sentirá con dereito sobre a vida dunha muller.

Neste 2019 é preciso que pensemos este día non só como un día para lembrar ás vítimas, senón nun momento para afianzar o compromiso de Vilagarcía de Arousa na loita contra as violencias machistas. Loitar contra as violencias machistas dende o municipal supón adoptar acordos institucionais para aumentar os orzamentos das políticas públicas de igualdade, un enfoque transversal das mesmas, e a dotación de recursos das áreas e equipos humanos especializados para tal fin.

Por iso pedimos o apoio das persoas que nos representan na corporación, pero non como un punto máis no pleno. Coa aprobación deste manifesto queremos referendar un compromiso municipal e social contra a violencia de xénero, manifestando de maneira contundente o rexeitamento de Vilagarcía de Arousa ante as agresións machistas en calquera das súas manifestacións, e impulsando medidas que protexan ás mulleres e nos conduzan a erradicar esta lacra de maneira definitiva da nosa sociedade. É por elo que estendemos este compromiso á veciñanza, a que hoxe nos acompaña e a que cada vez máis maioritariamente se achega ás mobilizacións cun clamor unánime #NinUnhaMenos.

Somos conscientes de que a nosa cidade é apenas unha pedra no conxunto do estado, pero sexamos un exemplo polo ben das mulleres que vivimos nela.

Querémonos libres, vivas e alegres. Contra as violencias machistas, Vilagarcía en negro.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do 25 de novembro do Consello Local da Muller.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: aprobar o Manifesto 25N do Consello Local da Muller.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE FORMULADA POR DONA SUSANA BLANCO NOVOA, PROFESORA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito da Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia solicitando informe de documentación relativa á compatibilidade da empregada a tempo parcial (22% xornada - 8,5 horas semanais) deste Concello Dona Susana Blanco Novoa.

Dáse conta do escrito presentado pola interesada no que solicita a autorización de compatibilidade para desempeñar noutra administración pública (Xunta de Galicia) unha prestación de servizos como substituta interina a xornada parcial de 50% -18,75 horas semanais).

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música.

Dáse conta, así mesmo, do informe do Negociado de Recursos Humanos, no que se indica:

...)

PRIMEIRO

Primeiro: O “Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público” ampara o nomeamento de persoal funcionario interino a tempo parcial.

Segundo: A Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas: non é preciso a autorización nin o recoñecemento de compatibilidade de aquelas actividades que sumadas as que se desenrolen no sector público ou noutra administración pública non excedan en total do desempeño de “un posto” a tempo completo (37,5 horas) xa que dita autorización ou recoñecemento de compatibilidade viría referida a un segundo posto de traballo que excedese da xornada completa ordinaria, e en este caso únicamente poderíase autorizar a compatibilidade ata 10 horas semanais (total de 47,5 horas). E sen que no presente caso a suma de xornadas sexa superior a 37,5 horas de media semanal, sendo o total de 72% dunha xornada ordinaria.

Da información obrante no expediente no se acreditan motivos de incompatibilidade derivados do horarios nin das funcións ou tarefas a desenrolar.

Procedería dar conta ao Pleno do contido do escrito de comunicación aos efectos de tomar coñecemento, por ser o órgano competente para a autorización ou recoñecemento de compatibilidade no seu caso.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG , Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente a solicitude para compatibilizar o posto de traballo que desempeña no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía co posto de profesora de violonchelo no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a solicitude de compatibilidade de Dona Susana Blanco Novoa, Profesora do Conservatorio Profesional de Música.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:Aprobar a solicitude de compatibilidade formulada por Dona Susana Blanco Novoa, Profesora do Conservatorio Profesional de Música.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 04/REC/2019. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor.:

MEMORIA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

- A práctica totalidade do expediente comprende xustificantes correspondentes a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron realizados nos exercicios 2017 e 2018 pero que non foron presentadas polos provedores ata o exercicio 2019, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro.
- Asemade, consta xustificante de gasto pola promoción do Concello nunha Guía de Turismo do exercicio 2015 emitida por Lérez Ediciones, S.L. que foi presentada polo provedor en data 28/06/2019, e polo tanto, e atendendo á data da prestación do servizo (06/07/2015), non estaría prescrita.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de facturas anexa á providencia de alcaldía por importe de 12.374,57€.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2019/0000349-1 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 04/REC/2019 por importe de 12.374,57€ con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 04/REC/2019, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2019/6 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 12.374,57€ con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n° 04/REC/2019.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 04/REC/2019, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2019/6 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 12.374,57€ con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8 APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR

CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 03/CE/2019 PARA A APLICACIÓN PARCIAL DO SUPERÁVIT 2018 CON DESTINO Á REDUCCIÓN DO ENDEBEDAMENTO NETO – AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta de Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 03/CE/2019 EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LO2/2012.

ANTECEDENTES

Visto que na liquidación do exercicio 2018 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Visto o informe de Intervención-Tesourería INT/2019/000249-1, onde en síntese dispónse:

“(…)Primeira.- O saldo do RLT^aGX unha vez descontado o efecto do préstamo concertado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dentro do mecanismo de pago a provedores regulado no RD Lei 4/2012 ascende a 2.758.410,08€ polo que SI pode acudirse os destinos alternativos da DA 6^a da LOEOSF 2/2012.

Segunda.- Dentro dos destinos alternativos previstos no apartado 2º da DA6^a, e atendendo á análise realizada nos apartados D) e E) do presente informe, a aplicación do superávit obtido dentro do límite do RLT^aGX, deberá axustarse á seguinte orde secuencial e a algún dose seguintes dous escenarios que se expoñen por orde de prudencia:

A) Destinar a totalidade do RLTGX á amortización de débeda:

SALDO/€	1.384.058,70
IMPORTE DESTINADO A IFS	0
SALDO/€	1.384.058,70
RED. ENDEBEDAMENTO NETO	1.384.058,70

B) Acometer IFS con arreglo a estimación de capacidade de financiamento estimada a 31/12/2019, 751.014,40€, e destinar o saldo restante neste exercicio 2019 á amortización de débeda, 561.686,82€:

DESTINOS ESPECIAIS	
1º CONTA 413	0,00
2º OBRIGAS PDTES. DE PAGO DE PECHADOS	71.357,48
SALDO	1.312.701,22
3º PREVISIÓNS ESTABILIDADE A 31/12/2019	751.014,40
3º IMPORTE MAX. IFS	751.014,40
SALDO	561.686,82
4º RED. ENDEBEDAMENTO NETO	561.686,82

Dado que contamos cun aforro neto positivo e un volume de endebedamento dentro dos límites legalmente permitidos (110%), esta Alcaldía opta polo segundo escenario, e dicir, destinar unicamente parte do Superávit 2018 á redución do endebedamento na contía de 561.686,82€, e a IFS o montante restante mediante expedientes de modificación orzamentaria independentes.

En consecuencia o importe do Superávit 2018 que se destinará a amortización de débeda financeira dentro do límite do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, será de

561.686,82€.

Visto que dende un punto de vista de economía, as operacións de crédito que teñen un custo financeiro máis elevado para o Concello de Vilagarcía de Arousa, e polo tanto, as máis interesantes a efectos de minorar a débeda viva son:

- Préstamo núm. 0522-7600-5 asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 02/09/2016 por importe de 2.127.286,02 € para o refinanciamento de dúas operacións de préstamo formalizadas polo Concello nos anos 2009 e 2014, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,84:

	Capital pendente a 08/10/2019	Importe a amortizar anticipadamente	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orçamento 2020
ABANCA 7.600-5	292.961,74€	292.961,74€	14.421,32 €	0,00 €	292.961,74€

- Préstamo núm. 0522-7942-0 asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 19/06/2017 por importe de 1.250.000 € para o financiamento de investimentos previstos no orzamento municipal, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,72:

	Capital pendente a 08/10/2019	Importe a amortizar anticipadamente	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orçamento 2020
ABANCA 7.942-0	1.093.750,00 €	268.725,08 €	31.250 €	23.572,14 €	30.711,44 €

Co fin de dar cumprimento ao imperativo legal do artigo 32 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira das Administracións Públicas, referido á aplicación do Superávit 2018 a amortizar débeda financeira dentro dos límites do RLT^aGX.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEFSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario N° 03/CE/2019, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 Débeda pública-amortiz. préstamos	561.686,82 €
TOTAL	561.686,82 €

SEGUNDO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2018:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	561.682,82€
	TOTAL	561.682,82€

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario N°03/CE/2019, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2019, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 03/CE/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE,
Alberto Varela Paz
Sinatura electrónica

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de Modificación de crédito por crédito extraordinario Nº 03/CE/2019 para a aplicación parcial do superavit 2018 con destino á redución do endebedamento neto – Amortización extraordinaria.

A seguir realizase o debate conxunto dos asuntos que figuran cos números, 8, 9 e 10 da orde do día, procedendo á súa votación de forma individual.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 17 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e 2 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría.

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 03/CE/2019, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 Débeda pública-amortiz. préstamos	561.686,82 €
TOTAL	561.686,82 €

SEGUNDO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2018:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	561.682,82€
	TOTAL	561.682,82€

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario N°03/CE/2019, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2019, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2019, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario N° 03/CE/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO N° 01/SC/2019 PARA A APLICACIÓN PARCIAL DO SUPERAVIT 2018 CON DESTINO A IFS 2019 “RECUPERACIÓN AMBIENTAL DO PASEO MARÍTIMO VILAXOÁN. PRAIA DE CANELAS” DUSI (2) N° 02/09/2018-SOSAMB. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 01/SC/2019 CON DESTINO A INVERSIÓNS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES EN CUMPRIMENTO DA 6ª DA LOEOSF 2/2012.

ANTECEDENTES

Visto que na liquidación do exercicio 2018 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Visto o informe de Intervención-Tesourería INT/2019/000249-1, onde en síntese dispónse:

“(…)Primeira.- O saldo do RLTªGX unha vez descontado o efecto do préstamo concertado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dentro do mecanismo de pago a provedores regulado no RD Lei 4/2012 ascende a 2.758.410,08€ polo que SI pode acudirse os destinos alternativos da DA 6ª da LOEOSF 2/2012.

Segunda.- Dentro dos destinos alternativos previstos no apartado 2º da DA6ª, e atendendo á análise realizada nos apartados D) e E) do presente informe, a aplicación do superávit obtido dentro do límite do RLTªGX, deberá axustarse á seguinte orde secuencial e a algún dose seguintes dous escenarios que se expoñen por orde de prudencia:

(...)B) Acometer IFS con arreglo a estimación de capacidade de financiamento estimada a 31/12/2019, 751.014,40€, e destinar o saldo restante neste exercicio 2019 á amortización de débeda, 561.686,82€:

DESTINOS ESPECIAIS	
1º CONTA 413	0,00
2º OBRIGAS PDTEs. DE PAGO DE PECHADOS	71.357,48
SALDO	1.312.701,22
3º PREVISIÓNS ESTABILIDADE A 31/12/2019	751.014,40
3º IMPORTE MAX. IFS	751.014,40
SALDO	561.686,82
4º RED. ENDEBEDAMENTO NETO	561.686,82

Esta Alcaldía, tras haber tramitado o preceptivo expediente para destinar 561.686,82€ á reducir o endebedamento neto en aplicación do artigo 32 da LOEOSF 2/2012, dado que contamos cun aforro neto positivo, un volume de endebedamento dentro dos límites legalmente permitidos (110%), e cumprimos o período medio de pago, en aplicación da DA 6ª da mesma norma orgánica, destinará o saldo restante do Superávit 2018 a Inversións Financeiramente Sostibles, (IFS); en consecuencia o importe do Superávit 2018 que pode destinarse a IFS será como máximo de 751.014,40€, dos que 529.600,24€ se aplicarán a través do presente expediente de modificación orzamentaria.

En efecto, unha das inversións que pretenden acometerse con cargo ao Superávit 2018 como inversións financeiramente sostibles, son as que veñen recollidas no proxecto básico denominado "IFS 2019-RECUPERACION AMBIENTAL DO PASEO MARÍTIMO VILAXOAN-PRAIA AS CANELAS", proxecto de gasto DUSI (2) Nº 02/09/2018-SOSAMB", cun orzamento de execución que ascende 831.604,30€, asumindo a diferenza con cargo a Fondos Feder con arreglo ao seguinte esquema de financiamento:

PROXECTO DE GASTO	DE	DESCRIPCIÓN	FEDER	SUPERÁVIT 2018	TOTAL
DUSI (2) Nº 02/09/2018	Nº	RECUPERACIÓN AMBIENTAL DO PASEO MARITIMO VILAXOAN-PRAIA AS CANELAS".	302.004,06	529.600,24	831.604,30

Visto que no informe do Arquitecto Técnico municipal ven xustificada a inversión proxectada como unha inversión sostible, que favorecerá o aforro de custes de mantemento de infraestruturas básicas, así como a calidade de vida e a recuperación medioambiental da zoa dun xeito integral.

Visto que o proxecto é informado favorablemente pola Intervención municipal por axustarse aos termos da DA 16ª do TRLRFL.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 e a DA 16 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como a DA 6ª da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a consideración do proxecto denominado "IFS 2019-RECUPERACION AMBIENTAL DO PASEO MARÍTIMO VILAXOAN-PRAIA AS CANELAS", proxecto de gasto DUSI (2) Nº 02/09/2018, por importe de 831.604,30€, como Inversións Financeiramente Sostibles.

SEGUNDO:Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2019, en

relación á aplicación orzamentaria relacionada a continuación:

Pro.	Eco.	Descripción	IMPORTE/€
1721	6290017	PROTEC. MEDIO AMBIEN.CONT-OUT. INVER.NOV FUN SS.-FE. AVANZA.	529.600,24
	TOTAL		529.600,24

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2018:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	529.600,24€
	TOTAL	529.600,24€

CUARTO: Expoñer ao público o expediente de suplemento de crédito N° 01/SC/2019, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas. Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado o crédito dentro do exercicio 2019, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2019, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito N° 01/SC/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE,
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente. As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de Modificación de Crédito por suplemento n° 01/SC/2019 para a aplicación parcial do superavit 2018 con destino a IFS 2019 “Recuperación ambiental do Paseo Marítimo Vilaxoán. Praia de Canelas” DUSI (2) N° 02/09/2018-SOSAMB.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 17 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos

municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e 2 abstencións, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría.

PRIMEIRO: Aprobar a consideración do proxecto denominado “IFS 2019-RECUPERACION AMBIENTAL DO PASEO MARÍTIMO VILAXOAN-PRAIA AS CANELAS”, proxecto de gasto DUSI (2) Nº 02/09/2018, por importe de 831.604,30€, como Inversións Financeiramente Sostibles.

SEGUNDO:Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2019, en relación á aplicación orzamentaria relacionada a continuación:

Pro.	Eco.	Descrición	IMPORTE/€
1721	6290017	PROTEC. MEDIO AMBIEN.CONT-OUT. INVER.NOV FUN SS.-FE. AVANZA.	529.600,24
	TOTAL		529.600,24

TERCEIRO:Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2018:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	529.600,24€
	TOTAL	529.600,24€

CUARTO: Expoñer ao público o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2019, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado o crédito dentro do exercicio 2019, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

QUINTO:Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR

CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 04/CE/2019 PARA A APLICACIÓN PARCIAL DO SUPERÁVIT 2018 CON DESTINO A IFS 2019 “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS” DUSI (2) Nº 01/03/2018 – MOVOSOS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 04/CE/2019 CON DESTINO A INVERSIÓNS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES EN CUMPRIMENTO DA 6ª DA LOEOSF 2/2012.

ANTECEDENTES

Visto que na liquidación do exercicio 2018 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Visto o informe de Intervención-Tesourería INT/2019/000249-1, onde en síntese dispónse:

“(…)Primeira.- O saldo do RLTªGX unha vez descontado o efecto do préstamo concertado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dentro do mecanismo de pago a provedores regulado no RD Lei 4/2012 ascende a 2.758.410,08€ polo que SI pode acudirse os destinos alternativos da DA 6ª da LOEOSF 2/2012.

Segunda.- Dentro dos destinos alternativos previstos no apartado 2º da DA6ª, e atendendo á análise realizada nos apartados D) e E) do presente informe, a aplicación do superávit obtido dentro do límite do RLTªGX, deberá axustarse á seguinte orde secuencial e a algún dose seguintes dous escenarios que se expoñen por orde de prudencia:

(…)B) Acometer IFS con arreglo a estimación de capacidade de financiamento estimada a 31/12/2019, 751.014,40€, e destinar o saldo restante neste exercicio 2019 á amortización de débeda, 561.686,82€:

DESTINOS ESPECIAIS	
1º CONTA 413	0,00
2º OBRIGAS PDTES. DE PAGO DE PECHADOS	71.357,48
SALDO	1.312.701,22
3º PREVISIÓNS ESTABILIDADE A 31/12/2019	751.014,40
3º IMPORTE MAX. IFS	751.014,40
SALDO	561.686,82
4º RED. ENDEBEDAMENTO NETO	561.686,82

Esta Alcaldía, tras haber tramitado o preceptivo expediente para destinar 561.686,82€ á reducir o endebedamento neto en aplicación do artigo 32 da LOEOSF 2/2012, dado que contamos cun aforro neto positivo, un volume de endebedamento dentro dos límites legalmente permitidos (110%), e cumprimos o período medio de pago, en aplicación da DA 6ª da mesma norma orgánica, destinará o saldo restante do Superávit 2018 a Inversións Financeiramente Sostibles, (IFS); en consecuencia o importe do Superávit 2018 que pode destinarse a IFS será como máximo de 751.014,40€, dos que 221.414,16€ se aplicarán a través do presente expediente de modificación orzamentaria.

En efecto, unha das inversións que pretenden acometerse con cargo ao Superávit 2018 como inversións financeiramente sostibles, son as que veñen recollidas na Memoria denominada “IFS-2019, SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 26 MARQUESIÑAS”, proxecto de gasto DUSI (2) Nº 01/03/2018-MOVOSOS”, cun orzamento de execución que ascende 221.414,16€, con arreglo ao

seguinte esquema de financiamento:

PROXECTO GASTO	DE	DESCRIPCIÓN	FEDER	SUPERÁVIT 2018	TOTAL
DUSI (2) 01/03/2018	Nº	IFS-2019 SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 26 MARQUESIÑAS	0,00	221.214,16	221.214,16
TOTAL			0,00	221.214,16	221.214,16

Visto que no informe do Técnico municipal ven xustificada a inversión proxectada como unha inversión sostible, que favorecerá o aforro de custes de mantemento de infraestruturas básicas, así como contribuirá a fomentar o uso do transporte público e colectivo, coas repercusións que de elo se deriva para a redución da contaminación e fomento da mobilidade.

Visto que o proxecto é informado favorablemente pola Intervención municipal por axustarse aos termos da DA 16ª do TRLRFL.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 e a DA 16 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como a DA 6ª da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a consideración do proxecto denominado "IFS-2019, SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 26 MARQUESIÑAS", proxecto de gasto DUSI (2) Nº 01/03/2018-MOVOSOS", por importe de 221.214,16€, como Inversións Financeiramente Sostibles.

SEGUNDO:Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario Nº 04/CE/2019, en relación á aplicación orzamentaria relacionada a continuación:

Pro.	Eco.	Descripción	IMPORTE
442	6250017	INFRAEST. DO TRANSPORTE-INV. NOVA MOBIL-FEDER AVANZA	221.414,16
	TOTAL		221.414,16

TERCEIRO:Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2018:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	221.414,16€
	TOTAL	221.414,16€

CUARTO: Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario Nº 04/CE/2019, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado o crédito dentro do exercicio 2019, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

QUINTO:Unha vez aprobado definitivamente o expediente de crédito extraordinario Nº

04/SC/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE,
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente. As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de Modificación de Crédito por crédito extraordinario N° 04/CE/2019 para a aplicación parcial do superavit 2018 con destino a IFS 2019 “Subministro e Instalación de Marquesiñas” DUSI (2) N° 01/03/2018 – MOVOSOS.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 18 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e 1 abstención, da Concelleira pertencentes ao grupo político municipal do BNG (1)

ACÓRDASE: Por maioría.

PRIMEIRO: Aprobar a consideración do proxecto denominado IFS-2019, SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 26 MARQUESIÑAS”, proxecto de gasto DUSI (2) N° 01/03/2018-MOVOSOS”, por importe de 221.214,16€, como Inversións Financeiramente Sostibles.

SEGUNDO:Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario N° 04/CE/2019, en relación á aplicación orzamentaria relacionada a continuación:

Pro.	Eco.	Descripción	IMPORTE
442	6250017	INFRAEST. DO TRANSPORTE-INV. NOVA MOBIL-FEDER AVANZA	221.414,16
	TOTAL		221.414,16

TERCEIRO:Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2018:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	221.414,16€
	TOTAL	221.414,16€

CUARTO: Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario N° 04/CE/2019, e no BOP,

por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas. Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado o crédito dentro do exercicio 2019, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de crédito extraordinario Nº 04/SC/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figuran presentadas solicitudes de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE ESTUDO E SEGUIMENTO DO PROXECTO DE SANEAMENTO E EDAR DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de

data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de Marea da Vila coa data de 19 de setembro de 2019, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 26 de setembro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE ESTUDO E SEGUIMENTO DO PROXECTO DE SANEAMENTO E EDAR DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Unha das cuestións máis complexas que afronta Vilagarcía é a da renovación dunha deficiente rede de saneamento que repercute en serios problemas como o das frecuentes verteduras ao mar e ao Río do Con ou o risco de inundacións. Esta circunstancia vese agravada por unha EDAR (Estación Depuradora de Augas Residuais) que precisa dunha ampliación, posto que as súas características actuais non lle permiten prestar un servizo axeitado a unha poboación que foi crescendo dende a súa construción a finais dos anos 80. A comezos de ano, Augas de Galicia detectaba 17 verteduras que superaban os límites establecidos, e outra máis do que se sospeitaba podería ser contaminante. A situación é, se cabe, máis urxente se consideramos que estamos a falar da Ría de Arousa, a máis produtiva do mundo, que non só é un motor económico e turístico para Galicia, senón un ecosistema singular que é preciso protexer, ademais de fundamental para a nosa cultura e idiosincrasia como pobo.

Ao respecto desta cuestión, son moitas as promesas que chegaron dende outras institucións. A Xunta de Galicia falaba no 2013 dun investimento de 11 millóns de euros distribuídos da maneira seguinte:

Un total de 6,7 millóns de euros para a renovación do colector da marxe esquerda do río Con, colectores da avenida da Mariña e Castor Sánchez, un tanque na zona da praza de abastos e ampliación do pretratamento da depuradora.

2,8 millóns de euros para a solución de carencias no saneamento de diferentes zonas de Vilagarcía.

1,5 millóns de euros para levar a cabo un tanque de tormentas en Matosiños.

Posteriormente, durante unha reunión do ano 2016 co goberno municipal, a Xunta cifrou ese investimento á baixa, en 9 millóns de euros durante o período 2016-2021. Dos investimentos comprometidos pouco soubemos en Vilagarcía durante todos estes anos. En diversas ocasións dende Marea da Vila trasladamos ao Parlamento de Galicia preguntas ao respecto deste asunto e insistimos na necesidade de instar á Xunta a que executase o orzamento comprometido. Namentres, a Ría de Arousa e o Río de Con seguen a padecer continuas verteduras que en ocasións derivaron nas conseguíntes sancións por parte de Augas de Galicia, do que se obtén un prexuízo económico para o Concello de Vilagarcía de Arousa. Ademais, durante o último mandato, o Goberno Local aproveitou algunhas das obras proxectadas para a renovación de distintas canalizacións. Un pequeno avance que non deixa de ser un parche ata que non afrontemos o problema de maneira global.

Non foi ata este verán que, tras unha reunión no Intecmar, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e a de Mar, Rosa Quintana, anunciaron ante os medios os próximos avances no plan de saneamento da Ría de Arousa, incluíndo esta vez a Vilagarcía. Actuacións en Vilagarcía, Vilanova, A Illa e Cambados por un total de 17 millóns de euros. Segundo o

responsable do plan, David Hernáez, Vilagarcía e Vilanova disporían dos proxectos a finais de ano. Ademais da compra por parte do Concello de Vilagarcía dunha parcela para solucionar as verteduras nas dúas estacións de bombeo do Con e a inminente compra dun terreo para a ampliación da depuradora.

Dende Marea da Vila consideramos que un problema da complexidade da nosa rede de saneamento require da implicación e coordinación das distintas administracións, ademais dun compromiso que vaia máis alá dos anuncios ás portas duns comicios autonómicos e o posible emprego electoral do mesmo. Entendemos que é necesario abordalo non en clave goberno, senón en clave corporación, de tal modo que a execución do proxecto se converta nunha cuestión prioritaria para todas as organizacións, asumindo así o mandato da veciñanza. Cuestións de saúde pública como esta, na que nos xogamos a sustentabilidade da nosa Ría, o futuro dun dos nosos sectores produtivos e a biodiversidade dunha zona especialmente rica, nunha circunstancia de emerxencia climática, requiren de compromiso, altura de miras e a busca de consensos estables, máis alá das especulacións partidistas.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

-Solicitar ao Goberno Local que traslade ao resto da corporación a información da que dispón actualmente sobre o Plan de Saneamento da Xunta para a Ría de Arousa, especialmente aquela relativa a Vilagarcía e a compra de terreos para a ampliación da EDAR.

-Solicitar ao Goberno Local que convoque ás consellerías responsables do proxecto (infraestruturas e mar), co fin de coordinarse e supervisar a redacción do mesmo e así trasladar información actualizada ao resto de grupos da corporación.

-A creación dunha comisión de estudo e seguimento do Plan de Saneamento da Xunta de Galicia para a Ría de Arousa e os investimentos relativos a Vilagarcía. A dita comisión se incorporarán persoas de todas as formacións políticas con representación municipal e á que estarán convidadas organizacións de defensa da Ría e do sector do mar co fin de incorporar a súa perspectiva e coñecementos.

-O compromiso de tódolos grupos políticos da corporación de trasladar ás súas distintas formacións o Plan de Saneamento da Ría de Arousa e os investimentos referentes a Vilagarcía e a EDAR como prioridades programáticas de cara as próximas eleccións autonómicas e así dotar de estabilidade ao proxecto.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a creación dunha comisión de estudo e seguimento do proxecto de saneamento e EDAR de Vilagarcía de Arousa.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 8 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e 11 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE

(11)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila sobre a creación dunha comisión de estudo e seguimento do proxecto de saneamento e EDAR de Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 18:40 auséntase do Pleno a Sra. Cesar Veloso.

13. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, PARA DEMANDAR O COMPROMISO ORZAMENTARIO DA LEI DE BENESTAR ANIMAL DE GALICIA E UNHA ORDENANZA SECTORIAL EN VILAGARCÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 8 de outubro de 2019, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 31 de outubro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA DEMANDAR O COMPROMISO ORZAMENTARIO DA LEI DE BENESTAR ANIMAL DE GALICIA E UNHA ORDENANZA SECTORIAL EN VILAGARCÍA

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 contemplan unha partida de 125.000€ para o conxunto dos concellos do país na que se incluírían as actuacións relacionadas co benestar dos animais de compañía, e por extensión, o cumprimento da nova norma que xa implementa a aplicación do sacrificio cero.

O anunciado incremento do 25% (de 100.000 a cantidade actual) para as vilas con respecto a 2018 non só é insuficiente, senón que contrasta cos esforzos que a administracións como a Deputación da Coruña fixo cunha primeira convocatoria de axudas para refuxios de animais da provincia, dispoñendo 150.000 euros, o co traballo que veñen facendo algúns Concellos en materia de recollida, prevención, adopción ou fomento da xestión responsable das colonias de gatos ferais.

Neste mesmo senso a falta de apoio institucional da Xunta está a xerar situacións rocambolescas, como a denuncia do goberno de Ares, que advertiu da concesión dunha ridícula subvención de 50 euros para un proxecto de esterilización de colonias felinas que xa investiu máis de 3.000€ das arcas municipais.

O goberno de Alberto Núñez Feijóo está a facer caso omiso a esta e a outras 17 mocións municipais e provinciais impulsadas por colectivos como LIBERA. Esta é a única política relacionada cos animais que temos visto nos últimos tempos, onde importa máis a publicidade

que os feitos e a cooperación entre administracións, gastando máis de 123.000€ en propaganda para o "Día dos Animais" pero sen contido pedagóxico ou educativo máis alá dos anuncios en xornais.

A cuestión non se vai resolver construíndo macrocanceiras mentras o comercio irregular campa ás anchas en Internet, provocando compras irresponsables e novos abandonos.

Tampouco podemos permanecer alleas á necesidade de que Vilagarcía de Arousa conte cunha normativa que, cumprindo coa nova Lei, avance naquelas disposicións onde sexa posible, convertindo a vila en referencial da comarca en materia de benestar e protección dos animais e incentivando o control ético das colonias felinas, reforzando o veto aos espectáculos con seres vivos e apostando por unha estratexia continuada fronte ao abandono apoiándose na labor das ONG e no seu impagable activismo.

- Instar á Xunta de Galicia a dotar aos Concellos do Orzamento suficiente para o cumprimento da Lei de Benestar Animal asumindo a súa parte de responsabilidade na elaboración e aplicación deste texto normativo.

- Comprometer ao Concello de Vilagarcía de Arousa na aprobación dunha Ordenanza Municipal de Protección Animal e Convivencia Responsable para o ano 2020 contando cun proceso participativo con todos os axentes sociais e políticos implicados na materia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila para demandar o compromiso orzamentario da Lei de Benestar Animal de Galicia e unha Ordenanza sectorial en Vilagarcía.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila para demandar o compromiso orzamentario da Lei de Benestar Animal de Galicia e unha Ordenanza sectorial en Vilagarcía e:

- Instar á Xunta de Galicia a dotar aos Concellos do Orzamento suficiente para o cumprimento da Lei de Benestar Animal asumindo a súa parte de responsabilidade na elaboración e aplicación deste texto normativo.

- Comprometer ao Concello de Vilagarcía de Arousa na aprobación dunha Ordenanza Municipal de Protección Animal e Convivencia Responsable para o ano 2020 contando cun proceso participativo con todos os axentes sociais e políticos implicados na materia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 18:50 auséntase do Pleno a Sra. Bóveda Díaz.

14. PROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, SOBRE A REDUCCIÓN DE PLÁSTICOS A NIVEL MUNICIPAL.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 11 de outubro de 2019, do seguinte teor:

María de la O Fernández González como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila-Podemos-Anova, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de outubro de 2019, a seguinte moción: **MOCIÓN PARA A REDUCCIÓN DE PLÁSTICOS A NIVEL MUNICIPAL**

O noso planeta afronta unha situación de emerxencia climática. Atopámonos nunha situación de grave peligro que pon en risco a vida das persoas e dos ecosistemas. As evidencias científicas falan dun quecemento global de 1,5 °C que ameaza con levar á extinción a unha gran parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade humana. En definitiva, atopámonos ao borde dunha situación de non retorno fronte ao cambio climático.

Existe unha conciencia global que nos urxe a tomar medidas concretas para responder a esta crise civilizatoria. Non facelo suporía a morte de millóns de persoas, ademáis da extinción irremprazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas. Non Hai Planeta B, como nos lembran milleiros de mozas e mozos que se mobilizan cada venres demandando medidas que garantan o noso futuro como especie. Ou como o fixeron durante a súa exposición da moción para a declaración da "Emerxencia climática" durante o pleno de setembro.

Debemos abandonar patróns sociais gobernados por unha visión consumista e extractivista, que sitúa os beneficios económicos por riba da vida. Acometer transformacións profundas nos nosos hábitos de consumo, no noso modelo socioeconómico e de produción e inserilos dentro dun horizonte de sostenibilidade. Cómpre facer todo o posible por recuperar e protexer os nosos ecosistemas e facer fronte á abrumadora crise de contaminación que asola o planeta.

Un dos vestores de acción debe situarse na redución dos plásticos. A súa crecente produción ameaza con contaminar cada rincón do planeta, especialmente os mares, a onde cada ano van a parar máis de 12 millóns de toneladas. Na UE a cifra é absolutamente alarmante, cada ano son verquidos ao mar entre 150 mil e 500 mil toneladas de plástico, afectando seriamente a saúde dos ecosistemas mariños e poñendo en risco xa a máis de 1300 especies mariñas. Sumado a isto, cabe sinalar que as emisións de gases de efecto invernadoiro producidas polo propio ciclo de vida do plástico sumaron xa varias centésimas ao aumento global de temperatura.

Atendendo á consigna "pensa globalmente, e actúa localmente", cómpre analizar a nosa situación como concello e as ferramentas de uso e de cooperación que podemos poñer en marcha para contribuír á redución dos plásticos a nivel local. Vilagarcía é unha vila cunha viva actividade comercial, unha longa tradición de comercio de proximidade, e unha Praza de Abastos e un mercado que recollen un fluxo de visitantes de toda a comarca. Estes factores inciden positivamente na economía e supoñen certas vantaxes respecto a un modo de vida máis sostible,

como pode ser a oferta existente de produtos frescos e de proximidade. Pero á súa vez, pola dimensión da mesma, debemos comezar a pensar en estratexias que minoren o impacto da xeración de residuos. Compre recordar que o mercado se celebra próximo á beira dun río, polo que, a pesar da xestión do persoal do servizo do lixo, precisamos un desenrolo responsable do mesmo para evitar que os residuos se vertan no río e, posteriormente, no mar. Sabendo da complexidade da cuestión, é preciso ir implantando mecanismos que se baseen na cooperación, na concienciación, e o acompañamento por parte da institución municipal. Ademais, sería positivo ir introducindo cuestións encamiñadas á redución dos usos dos plásticos nas propias ordenanzas municipal, co fin de establecer os criterios dende a "oficialidade".

A cidadanía e as administracións, de forma conxunta, temos unha tarefa por diante no obxectivo de reducir e eliminar plásticos nos nosos hábitos diarios. Con estratexias fundamentadas na redución e eliminación de produtos e actividades fácilmente sustituíbles por bens alternativos (e asequíbles a todas as economías), poderemos demostrar que é posible vivir sen plástico.

Neste senso é importante priorizar accións encamiñadas á redución de plásticos dun só uso como bolsas para a compra, envoltorios de comestibles ou botellas de auga, que son perfectamente sustituíbles por materiais respectuosos co medio, mantendo as mesmas condicións de comodidade e funcionalidade no uso.

Actuar dende a administración local, impulsando medidas que contén coa complicidade do tecido social e comercial, e que muden os hábitos de consumo da propia administración, fará do noso concello un lugar mellor para vivir, sostible e respectuoso co medio, así como tamén un lugar mellor para visitar e do que sentirnos orgullosas.

RESOLUCIÓN

Por todo iso, para contribuír dende Vilagarcía de Arousa á diminución do quecemento global, contra a contaminación sistémica e cos efectos nocivos dun uso irresponsable do plástico, instamos ao Concello de Vilagarcía de Arousa a adoptar os seguintes

ACORDOS

-Deseñar unha estratexia para eliminar o plástico dun só uso no Concello de Vilagarcía de Arousa tanto en dependencias municipais como nas actividades organizadas por parte da administración. Debe estar contemplada a eliminación do consumo de auga embotellada, minimizar a compra de material de oficina envolto en plástico, así como favorecer a reutilización de envases.

- Impulsar unha campaña de incentivo de uso de bolsa de tela para as compras da nosa veciñanza. Incluindo nesta campaña ao comercio de proximidade e o tecido asociativo no que se inclúen e vinculando a promoción turística do concello.

-Convocar ás asociacións de comerciantes co fin de involucralos na estratexia para a redución do uso dos plásticos. Estudar de maneira cooperativa medidas de difusión e de concienciación (campañas informativas, formativas, etc.).

-Estudar a creación dun selo de calidade e valor engadido para os establecementos que queiran participar na iniciativa na liña de "establecemento adherido á campaña unha vila comprometida co medio ambiente", "campaña de redución de plásticos", "obxectivo mercar sen plásticos", etc.

- Impulsar unha campaña para o uso de envases de papel en hortalizas, verduras e os distintos produtos de proximidade que se ofertan no Mercado de Abastos nos que o papel represente unha alternativa viable, vinculando a medida cunha distinción de calidade e de valor engadido do produto de proximidade.

-A corporación comprométese ao estudo de maneira singularizada da xestión de residuos da zona donde se desenrola o mercado co fin de establecer medidas que nos encamiñen a minimizar o impacto dos residuos durante a súa celebración, buscando a prevención de que plásticos e outros residuos acaben no río e, en consecuencia, no mar.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a redución de plásticos a nivel municipal.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a redución de plásticos a nivel municipal e:

-Deseñar unha estratexia para eliminar o plástico dun só uso no Concello de Vilagarcía de Arousa tanto en dependencias municipais como nas actividades organizadas por parte da administración. Debe estar contemplada a eliminación do consumo de auga embotellada, minimizar a compra de material de oficina envolto en plástico, así como favorecer a reutilización de envases.

- Impulsar unha campaña de incentivo de uso de bolsa de tela para as compras da nosa veciñanza. Incluindo nesta campaña ao comercio de proximidade e o tecido asociativo no que se inclúen e vinculando a promoción turística do concello.

-Convocar ás asociacións de comerciantes co fin de involucralos na estratexia para a redución do uso dos plásticos. Estudar de maneira cooperativa medidas de difusión e de concienciación (campañas informativas, formativas, etc.).

-Estudar a creación dun selo de calidade e valor engadido para os establecementos que queiran participar na iniciativa na liña de "establecemento adherido á campaña unha vila comprometida co medio ambiente", "campaña de redución de plásticos", "obxectivo mercar sen plásticos", etc.

- Impulsar unha campaña para o uso de envases de papel en hortalizas, verduras e os distintos produtos de proximidade que se ofertan no Mercado de Abastos nos que o papel represente unha alternativa viable, vinculando a medida cunha distinción de calidade e de valor engadido do produto de proximidade.

-A corporación comprométese ao estudo de maneira singularizada da xestión de residuos da zona donde se desenrola o mercado co fin de establecer medidas que nos encamiñen a minimizar o impacto dos residuos durante a súa celebración, buscando a prevención de que plásticos e outros residuos acaben no río e, en consecuencia, no mar.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN SOBRE O ACONDICIONAMENTO DA RÚA BARBARA EN CORNAZO E DA FORNTE QUE SE SITÚA NESAS RÚAS.

Retírase o asunto da orde do día do Pleno

16. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, PARA A RECUPERACIÓN E REMUNICIPALIZACIÓN DO APARCADOIRO PÚBLICO DE XOÁN XXIII.-

Retírase o presente asunto da Orde do Día do Pleno.

17. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORA E HOMOXENEIZACIÓN DAS MARQUESIÑAS DE VILAGARCÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 23 de outubro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de outubro de 2019 a seguinte MOCIÓN:

“Mellora e homoxeneización das marquesiñas de Vilagarcía”

EXPOÑEN

O Partido Popular xa presentou en setembro de 2018 unha moción relativa ás melloras necesarias en materia de sinalización do servizo de transporte e á mellora das marquesiñas, logo de recabar numerosos apoios cidadáns e de elevar ó debate plenario as queixas dos usuarios do servizo, tanto urbán como escolar. Aquela moción levaba por título: “Sinalización, mellora e acondicionamento das paradas do transporte escolar e de liñas regulares en Vilagarcía e mellora das marquesiñas” e nela solicitábanse os seguintes acordos:

- Que o goberno local defina claramente cales son os puntos exactos das paradas de autobuses de transporte escolar; que as identifique mediante paneis informativos; que instale sinais e reserve espazos para que os usuarios poidan subir e baixar de maneira cómoda e que se faciliten espazos nos que poder agardar ós autocares, especialmente cando as condicións climatolóxicas sexan adversas.
- Que se faga efectivo o Plan de Arranxo de Marquesiñas proposto polo PP en todo o termo municipal.
- Que se dea cumprimento á moción presentada polo Grupo Municipal do PP de decembro de 2016 e se dote economicamente, atendendo así ás aportacións ó orzamento municipal 2018 presentadas por este grupo.

Como se pode comprobar, este grupo municipal leva desde 2016 demandando melloras e dotación económica, tanto mediante mocións plenarias como mediante aportacións ós orzamentos municipais, sen que a actual situación teña mellorado como debera.

Actualmente existen marquesiñas en Vilagarcía que carecen de cristais, outras que levan anos rotas ou deterioradas e segue faltando información esencial como as frecuencias ou percorridos

dos autocares. A situación nas paradas do transporte escolar é todavía peor, dado que coa época de chuvias os menores teñen que esperar á intemperie ó bus, que moitas veces non pode parar nos espazos previstos por non existir, ou non estar despexada a zona de parada.

É esta unha demanda cidadá que non está a ser atendida e que empeora co paso do tempo, xa que os desperfectos aumentan de ano en ano, e con eles as queixas dos usuarios. Ademais, o comenzo da época de chuvias fai necesaria unha actuación urxente para mellorar a calidade do servizo de transporte.

A isto únese a necesidade de unificar modelos e homoxeneizar a estética de Vilagarcía no seu conxunto. As marquesiñas poden ser un elemento diferenciador da cidade, que actualmente proxectan unha imaxe negativa e pouco atractiva para cidadáns e visitantes. Ademais coexisten desde hai anos distintos modelos de marquesiñas en diferentes zonas, sendo as das parroquias e o rural as que máis necesitan de arranxos e/ou substitución das mesmas.

Por último, unha das queixas máis extendidas entre os usuarios das marquesiñas é que moitas delas carecen de elementos de protección fronte ás inclemencias do tempo (vento, chuvia, sol...), e mesmo algunhas non teñen nin asento para esperar ó bus.

O goberno socialista recoñeceu en sede plenaria, o pasado 3 de setembro de 2019, en referencia á marquesiña de Rubiáns que “a previsión é que se poña a marquesiña... a ver se en setembro nos resolven”. Ante a inexecución do prazo anunciado, e por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía.

SOLICITA

- Que se dea cumprimento ós acordos plenarios promovidos polo Grupo Municipal do PP de decembro de 2016 e de setembro de 2018 relativos ás melloras das paradas e das marquesiñas.
- Que se instalen de maneira urxente aquelas marquesiñas que xa están adquiridas polo Concello e se arranxen de xeito inmediato aquelas que presentan un peor estado de conservación.
- Que se homoxeneicen as marquesiñas de todo o termo municipal para unificar os modelos e que non haxa diferenzas entre o centro e as parroquias, xa que todos os vilagarcíans teñen o mesmo dereito a contar con espazos mellorados.
- Que se dote de elementos de protección (cristais, paneis...), de información sobre horarios e liñas, e de asentos a todas as marquesiñas, e que todas elas sexan completamente accesibles.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora e homoxeneización das marquesiñas de Vilagarcía.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 6 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e 11 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora e homoxeneización das marquesiñas de Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

21.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191031&punto=21>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:35 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.